



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Xefatura Territorial
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Rúa Concello, 11 - 7º
32003 Ourense
988 386 618
inspeccion.ourense@edu.xunta.gal



Sr. Director
IES 12 de Outubro
Avda. Santiago, 2
32001 Ourense

NOTIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE SAÍDA DO RECINTO ESCOLAR DO ALUMNADO MAIOR DE 16 ANOS NOS CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021

FEITOS

Primeiro.- Con data 6 de novembro de 2020 ten entrada por rexistro a solicitude do IES 12 de Outubro, de Ourense, relativa ás saídas do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos.

Segundo.- A solicitude, indicada no punto anterior, ven acompañada da acta de aprobación do consello escolar celebrado o día 5 de novembro de 2020.

Terceiro.- Consta no expediente o informe emitido polo Servizo Territorial de Inspección Educativa de 6 de novembro de 2020.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Primeira.- Con data 23 de outubro de 2020 o Secretario Xeral de Educación asinou unha resolución pola que se ditan instrucións para permitir a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

Segunda.- A resolución establece a posibilidade de permitir a saída do recinto escolar daquel alumnado maior de 16 anos que cursa estudos en niveis non obrigatorios de ensino (Bacharelato, Ciclos formativos e Ensinanzas de réxime especial).

Terceira.- O Servizo territorial de inspección educativa fai constar que informa **FAVORABLEMENTE** a petición.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Xefatura Territorial
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Rúa Concello, 11 - 7º
32003 Ourense
988 386 618
inspeccion.ourense@edu.xunta.gal



Cuarta.- A Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano competente para ditar a presente resolución, segundo a Resolución do 23 de outubro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, **RESOLVE**:

Primeiro.- AUTORIZAR a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos no IES 12 de Outubro, de Ourense.

Segundo.- Esta autorización queda, en todo caso, condicionada a que se cumpran os requisitos que se especifican na Resolución do 23 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, sendo estes a información ás familias ou titores legais e obtención das correspondentes autorizacións, a sinatura do compromiso de convivencia por parte do alumnado e a comunicación ao Concello.

Terceiro.- A autorización ten carácter excepcional, e a súa duración estará limitada ao período que obrigue a situación de risco motivada pola pandemia pola COVID-19 no curso 2020/2021. Poderase revocar a autorización en calquera momento do presente curso escolar, cando no seguimento realizado polo servizo territorial de Inspección Educativa se constate o incumprimento das obrigas indicadas no parágrafo anterior.

Cuarto.- Notifíqueselle esta resolución ao interesado, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a xefa territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución perante o Xulgado Contencioso Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente por

Mª Luz Fernández Quintas.

Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Ourense.

